



XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas

A Habana, 27 e 28 de maio de 2016

XI PLENO DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS.

NORMAS PARA A ELECCIÓN DE MEMBROS DA COMISIÓN DELEGADA EN REPRESENTACIÓN DAS COMUNIDADES GALEGAS.

1.- CENSO ELECTORAL.

1. O Censo Electoral está conformado por todas as Comunidades Galegas que estean recoñecidas e figuren inscritas no Rexistro da Galeguidade na data de publicación da convocatoria da reunión do XI Pleno no Diario Oficial de Galicia (28 de marzo de 2016). Reflectirá as Comunidades Galegas por países ou comunidades autónomas, segundo as seguintes áreas xeográficas:

- Países de América e Oceanía.
- Países de Europa, África e Asia.
- Comunidades Autónomas de España.

O Censo Electoral figura enviado a tódolas comunidades galegas xunto coa convocatoria oficial, en data 29 de marzo de 2016. O prazo de reclamacións rematou aos 15 días hábiles dende dita comunicación.

Xunto coa convocatoria, o censo figura exposto na páxina web.

2. Serán elexibles as comunidades galegas que presenten a súa candidatura, cada unha para súa área xeográfica, según as normas que figuran no Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas (Decreto 111/2015) e aquelas outras disposicións que, para o caso, dite a Comisión Electoral. As candidaturas estarán expostas no taboleiro de anuncios oficial do Pleno nas horas establecidas ao efecto pola Comisión Electoral, tamén poderán ser consultadas polos participantes no proceso electoral, logo da súa acreditación, na Secretaría Técnica do Pleno.

2.- REPRESENTACIÓN.

A representación de cada comunidade galega nos distintos actos relacionados co proceso electoral corresponderalle, en exclusiva, ao seu representante legal debidamente acreditado para a súa participación no XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas.



XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas

A Habana, 27 e 28 de maio de 2016

3.- COMISIÓN ELECTORAL.

1. Composición

PRESIDENTE: Antonio Rodríguez Miranda.

VOGAIS:

- Begoña Solís Domínguez.
- Beatriz Seoane Ares.
- Antonio Casas Calviño.

SECRETARIO: Ramón Brigos Fernández.

SUPLENTES A VOGAIS:

- José Carlos García Bouzas.
- Cruz García Palmou.
- José Iglesias de la Fuente.

2. Funcións da Comisión Electoral:

-Garantir e velar polo bo desenvolvemento do proceso electoral con arreglo aos principios de publicidade, libre participación, igualdade, obxectividade e sometemento a normas establecidas.

-Establecer e facer públicas as normas, follas de presentación de candidaturas e papeletas de votación que rexerán o proceso electoral, así como os horarios deste, e dispoñer os medios axeitados para o correcto desenvolvemento do proceso electoral.

-Dirixir o proceso de votación mediante a constitución da Mesa Electoral.

-Levantar acta e trasladar o resultado do proceso de elección ao Presidente do Consello de Comunidades Galegas.

-Dirimir e adoptar as resolucións que correspondan en relación as reclamacións presentadas no proceso electoral e resolver calquera dúbida ou incidencia que puiden presentarse durante este.

3. Desenvolvemento:

Os horarios, normas e lugar establecidos pola Comisión Electoral para os distintos actos, faranse públicos no taboleiro de anuncios do Pleno.



XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas

A Habana, 27 e 28 de maio de 2016

4.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.

A presentación de candidaturas formalizarase ante a Secretaría do Consello de Comunidades Galegas no prazo e na forma establecidos pola Comisión Electoral.

Corresponde á persoa que represente legalmente a cada comunidade galega debidamente acreditada para asistir ao Pleno, en exclusiva, a presentación da correspondente candidatura.

Non serán admitidas follas de candidaturas distintas ás proporcionadas ao efecto pola Comisión Electoral ou nās que a comunidade proposta non forme parte da acta de comunidades galegas representadas realizada polo secretario do XI Pleno do Consello feita pública no taboleiro de anuncios. Así mesmo, rexeitaranse as follas de candidaturas nās que figuren máis dunha comunidade ou non estean debidamente cubertas polo representante da comunidade galega acreditado no Pleno.

A Comisión Electoral fará pública no taboleiro de anuncios do Pleno segundo ó horario establecido ao efecto, a acta na que figuren as candidaturas presentadas e as admitidas para participar como elexibles segundo áreas de elección. Tamén poderá ser consultada polos participantes no proceso electoral, logo da súa acreditación, na Secretaría Técnica do Pleno.

5.- MESA ELECTORAL.

Estará composta por dúas persoas funcionarias designadas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración e por unha persoa representante das comunidades galegas por cada unha das áreas xeográficas.

O acto de elección de representantes das comunidades galegas por cada unha das áreas xeográficas, e dos suplentes, realizouse o día 25 de abril de 2016, as 10,00 Hs., na sede da Secretaría Xeral da Emigración (Rúa Basquiños Nº 2, 15704. Santiago de Compostela).

A acta da elección figura exposta na páxina web.

Non poderán formar parte da Mesa Electoral representantes de comunidades galegas que houberan presentado a súa candidatura para ser electas e foran admitidas.



XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas

A Habana, 27 e 28 de maio de 2016

6.- PONDERACIÓN E DETERMINACIÓN DO VOTO PONDERADO.

Según o establecido no artigo 37 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas (Decreto 111/2015), o número de votos que lle corresponde a cada comunidade galega acreditada para participar no proceso de elección na súa condición de elector, será establecido polo órgano competente en materia de emigración e farase público como parte da acta de comunidades representadas no taboleiro de anuncios oficial do Pleno.

Para determinar o número de votos que lle corresponden a cada comunidade galega, adoptaranse os datos de nº de socios obrantes no Rexistro da Galegidade na data de convocatoria da reunión do XI Pleno do Consello (28 de marzo de 2016) e os derradeiros datos oficiáis publicados polo INE correspondentes ao PERE (1 de xaneiro de 2016) e ao Padrón Continuo (1 de xaneiro de 2015).

7.- VOTACIÓN.

O sistema de elección será o de listas abertas e serán elexidas de entre as candidatas de cada área xeográfica, catro representantes, unha por país ou comunidade autónoma e dúas suplentes.

A votación realizarase, exclusivamente, coas papeletas oficiáis nas que se terá en conta o número de votos según a ponderación realizada para cada comunidade. Para asegurar a confidencialidade do voto e a axilidade no proceso de reconto, as papeletas terán o valor de tres e un voto respectivamente. O Secretario da Comisión Electoral proporcionará a cada un dos representantes das que figuren na acta de comunidades galegas representadas no XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas as que lle corresponda a súa comunidade.

Nas correspondentes papeletas de votación, según o voto ponderado, cada elector poderá designar ata catro comunidades, unha por cada país ou comunidade autónoma, de entre as candidatas da súa área xeográfica.

O representante de comunidade que participe na votación, deberá acreditarse ante o secretario da correspondente furna de votación mediante o seu DNI, pasaporte ou documento oficial identificativo.



XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas

A Habana, 27 e 28 de maio de 2016

6.- ESCRUTINIO.

O escrutinio de votos realizarase por áreas xeográficas, será público para os participantes no Pleno e farase ao remate das votacións nun espazo a desinar pola Comisión Electoral.

Nas papeletas nas que se elixa mais dunha candidata do mesmo país ou comunidade autónoma da área correspondente, so se terá en conta para ese país ou comunidade autónoma a elección da comunidade que apareza en primeira posición.

Si nunha papeleta propuxéranse a comunidades que non foran da área xeográfica da votante, so se terán en conta as que pertencen a súa.

Serán consideradas nulas aquelas papeletas distintas as oficiáis ou as que teñan marcadas mais de catro comunidades. Así mesmo, non se considerarán as que teñan calquera tipo de emendas ou borróns ou as que aparezan en branco.

7.- PROPOSTA.

A Mesa Electoral, levantada a correspondente acta do escrutinio, dará traslado dos resultados á Comisión Electoral, que elaborará a proposta na que se desinarán elixidas como titulares de cada área xeográfica ás catro comunidades de distintos países ou comunidades autónomas máis votadas. No caso de que entre as catro candidatas máis votadas nunha área figurase máis dunha comunidade dun mesmo país ou comunidade autónoma, elixirase a seguinte máis votada que pertenza a outro país ou comunidade autónoma.

Serán desinadas como substitutas en cada área as dúas comunidades máis votadas logo das catro que formen parte da proposta como titulares. Poderá ser considerada substituta, para o caso da substitución dunha titular, a comunidade do seu mesmo país ou comunidade autónoma que acadara máis votación que as de outros países ou comunidades autónomas. Nese caso, poderanse desinar máis de dúas substitutas por área.

Si non se puidera realizar proposta de electas por resultar empatadas en número de votos dúas ou máis comunidades, establecerase a súa prelación pola súa maior antigüidade de recoñecemento como Comunidade Galega.



XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas

A Habana, 27 e 28 de maio de 2016

O Presidente da Comisión Electoral trasladará ao Presidente do Consello de Comunidades Galegas acta coa proposta das comunidades eleixidas en cada área xeográfica así como das substitutas.

Corresponde ao Presidente do Consello de Comunidades Galegas a proclamación e nomeamento das comunidades galegas representantes das asentadas nas súas áreas xeográficas correspondentes, na Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.



XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas

A Habana, 27 e 28 de maio de 2016

HORARIO PROVISIONAL PARA A ELECCIÓN DE MEMBROS DA COMISIÓN DELEGADA EN REPRESENTACIÓN DAS COMUNIDADES GALEGAS.

XI PLENO DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS.

LA HABANA. 27/28 DE MAIO DE 2016.

DIA 27, VENRES.

-PUBLICACIÓN DA ACTA DE COMUNIDADES GALEGAS REPRESENTADAS E PONDERACIÓN DO VOTO.

TABOLEIROS DE ANUNCIOS DO PLENO 09,30HS.

-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACION DE RECLAMACIÓNS.

SECRETARÍA TÉCNICA DO PLENO DE 09,30 A 11,30HS.

-PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

SECRETARÍA TÉCNICA DO PLENO DE 11,30 A 13,30HS.

-PUBLICACIÓN DE CANDIDATURAS

TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO PLENO 14,30HS.

-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓNS AS CANDIDATURAS

SECRETARÍA TÉCNICA DO PLENO DE 14,30 A 16,00HS.

-CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL

SECRETARÍA TÉCNICA DO PLENO. 16,00HS

-VOTACIÓN

SALA/S DE VOTACIÓN. DE 16,30HS. A 18,30HS.

-ESCRUTINIO

SALA/S DO PLENO DO CONSELLO. 18,45HS.

-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓNS SOBRE OS RESULTADOS

SECRETARIA TÉCNICA DO PLENO. DE 19,15 A 20,30HS.



XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas

A Habana, 27 e 28 de maio de 2016

DIA 29 VENRES.

-NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DAS COMUNIDADES GALEGAS E CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA XI PLENO.

SALA DO PLENARIO DO CONSELLO.

*Si por algunha causa das previstas nas normas electorais houbera de ser modificado este horario antes do comezo do Pleno, o definitivo, será determinado pola Comisión Electoral, feito público no taboleiro de anuncios do Pleno e comunicado no plenario antes 10,00Hs., do día 27 de maio.